

**CARACTERÍSTICAS DAS REDES**

**Saneamento**  
As canalizacións de residuais terán un diámetro mínimo de 300 mm. en PVC, aceptándose nas conexións individuais a parcelas ou edificios un diámetro mínimo de 250 mm.

**Saneamento pluviais**  
As canalizacións de augas pluviais serán de PVC, diámetro mínimo 300, admitíndose Ø250 para as acometidas dos sumidoiros.  
Os sumidoiros de augas pluviais serán sifónicos, con enreixado abatible de función de 50 x 25, e situaranse a distancias máximas de 30 m. complementarias.


**Abastecemento**  
Todos os proxectos de abastecemento deberán incluír unha xustificación hidráulica a solución adoptada.  
A velocidade da auga nos tubos principais deberá estar comprendida, salvo xustificación razoada en contra, entre 0,5 e 2,5 m/s.  
Os diámetros mínimos das tubaxes principais que articule as redes dos ámbitos será como mínimo de ø100 en PVC.  
As redes xerais de rega realizaranse en todas as zonas de parques, xardíns e prazas de uso público con canalización de Ø 80 mm.

**Rede eléctrica**  
Tanto en baixa coma en alta tensión as redes de distribución serán soterradas, salvo que xustificacións previas, debidamente aprobadas, aconsellen a instalación aérea.  
O cálculo das demandas de potencia en baixa tensión efectuarase de acordo cos graos de electrificación establecidos no Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, sendo obrigatorio a instalación dos transformadores necesarios segundo a demanda do sector.  
Os centros de transformación deberán localizarse sobre terreos de propiedade privada o seu exterior harmonizará co carácter e a edificación da zona.  
A rede de servizo de iluminación pública será independente da rede xeral.

**Rede telefónica**  
En zonas urbanas as redes telefónicas deberán ser soterradas, así como os distintos tipos de arquetas. Os armarios de control que resulten necesarios quedarán integrados na edificación ou nos cerramentos de parcela, evitándose a súa interferencia ambiental.

**Rede de gas**  
O deseño da rede e das instalacións complementarias, así como o cálculo, condicións dos materiais, probas, ensaios, condicións de control e mantemento deberá realizarse de acordo co establecido no RD 919/2006, de 28 de xullo e a normativa técnica da compañía subministradora.  
As conducións serán soterradas nas MPB e APA, así como as súas instalacións complementarias.

Concello de Teo		Concello de Boqueixón	
Concello	3	1	2
de Padrón	4	5	6
Concello	7	8	9
Pontevedra	10	11	12
Concello	13	14	15
Valga	16	17	18
Concello	19	20	21
de Cambre	22	23	24
Concello	25	26	27
de Ourense	28	29	30
Concello	31	32	33
de Lugo	34	35	36
Concello	37	38	39
de Ferrol	40	41	42
Concello	43	44	45
de Santiago	46	47	48
de Compostela	49	50	51
Concello	52	53	54
de Coruña	55	56	57



**CONCELLO DA ESTRADA**  
PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL

DATA XULLO 2013	DOCUMENTO S.U.D-T08 AVD. PONTEVEDRA (TRANSITORIA 13ª)	PLANO Nº 02
INSTALACIÓNS		ESCALA 1:1000
EQUIPO REDACTOR VISIER ARQUITECTOS, SLP		